

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación Iniciación a Dirección

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: INICIACIÓN Á DIRECCIÓN

Curso: 2025 - 2026





Índice

1	Introdución.....	4
2	Metodoloxía.....	5
3	Atención á diversidade.....	7
4	Temas transversais.....	7
	4.1. Educación en valores.....	8
	4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	8
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6	Secuenciación do curso.....	10
	6.1. 6 º Curso do Grao Profesional.....	10
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	22
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	22
9	ANEXOS.....	23
	9.1. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	23
	9.2. Rúbrica	24

1 **Introdución**

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de INTRODUCCIÓN A DIRECCIÓN, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

- **Características do alumnado**

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

- **Marco Legal**

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- **Plans de reforzo**

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativo: de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:

1. Desenvolvemento da escoita activa

Obxectivo: Fomentar nos estudantes a capacidade de escoitar aos seus compañeiros e a interacción entre as seccións da banda.

Método: Repetición de pasaxes con énfase na escoita de diferentes seccións (madeiras, metais, percusión). Estimular o recoñecemento de dinámicas, articulacións e frases musicais no conxunto.

Beneficio: Mellora a cohesión e afinación xeral do grupo.

2. Interpretación da partitura e análise estrutural

Obxectivo: Fomentar a comprensión profunda das obras interpretadas, tanto a nivel formal como estilístico.

Método: Lectura da partitura, análise da estrutura da obra (forma, temas, desenvolvemento), así como os estilos característicos de cada época ou compositor.

Beneficio: Os estudantes adquiren unha comprensión máis profunda da música, o que enriquece a interpretación colectiva.

3. Traballo de seccións e conxunto completo

Obxectivo: Permitir que cada sección (madeiras, metais, percusión) traballe os retos específicos da súa parte e logo unilas no contexto do grupo completo.

Método: Dividir os ensaios entre sesións por sección e ensaios xerais, de modo que se aborden problemas específicos antes de integrar a totalidade do conxunto.

Beneficio: Facilita unha maior precisión na execución e fortalece a seguridade de cada sección antes da integración xeral.

4. Desenvolvemento da musicalidade e expresividade

Obxectivo: Fomentar a capacidade de interpretación musical máis alá da técnica, enfatizando o fraseo, dinámica, e matices.

Método: Enfocarse na interpretación expresiva de pasaxes clave, facendo énfase na dirección musical e as indicacións do director. Realizar ensaios con variantes de dinámica e articulación para explorar diferentes posibilidades interpretativas.

Beneficio: Desenvolve unha interpretación máis rica e emotiva, o que mellora a experiencia artística global.

5. Disciplina e traballo colaborativo

Obxectivo: Desenvolver a disciplina necesaria para traballar nun grupo grande e comprender a importancia do papel de cada músico dentro do conxunto.

Método: Fomentar a puntualidade, a preparación individual previa, o respecto polas indicacións do director, e a cooperación entre os membros da banda.

Beneficio: Crea un ambiente de traballo máis eficiente e profesional, onde cada músico entende a súa responsabilidade dentro do conxunto.

6. Afinación e balance do conxunto

Obxectivo: Lograr unha afinación precisa e un equilibrio sonoro entre todas as seccións da banda.

Método: Exercicios de afinación en grupo, con énfase en intervalos e acordes, axustes de balance entre seccións, e escoita activa para controlar o volume e a proxección de cada grupo de instrumentos.

Beneficio: Mellora a calidade do son do conxunto e a coherencia interpretativa.

7. Diversificación do repertorio

Obxectivo: Expor aos estudantes a unha variedade de estilos e períodos musicais dentro do repertorio de banda sinfónica.

Método: Seleccionar obras de distintos xéneros (música clásica, contemporánea, adaptacións de jazz, música de cine) e compositores de diversas culturas.

Beneficio: Amplía o coñecemento musical dos estudantes e prepáraos para abordar distintos estilos na súa vida profesional.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web.

Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o

respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

- Fomentarse a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1. Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.

- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato

do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

6.1. 6 ° Curso do Grao Profesional

A materia distribuirase en 5 Unidades Didácticas. Cada unha delas pretende afondar nalgún dos aspectos principais relacionados coa dirección musical. Non se trata de bloques cerrados de coñecemento, pois a súa interrelación é obvia, senón que o que se busca é unha estrutura xeral que permita certa planificación ao longo do curso, buscando sempre un mellor aproveitamento de cada unha das sesións de clase e un mais sinxelo seguimento do nivel de consecución desta programación ao longo do curso.

As Unidades Didácticas nas que se organiza a materia, e mais a súa secuenciación, son as seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

Durante a 1ª metade do curso (1º- 2º trimestre)

UD 2: *A figura do Director*

De 6 a 8 sesións (1º trimestre)

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

De 6 a 8 sesións (1º- 2º trimestre)

UD 4: *Análise da partitura*

De 10 a 20 sesións (2ª- 3ª trimestre)

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

Durante todo o curso (1º, 2º e 3º trimestre)

As unidades didácticas non están formuladas de modo que sexan excluíntes unhas das outras senón que están pensadas para ser traballadas de modo simultáneo segundo as seguintes premisas: a 1ª Unidade Didáctica, dado que está dedicada a desenvolver a capacidade auditiva no alumnado, será necesario traballala durante a 1ª metade do curso; as Unidades Didácticas número 2 e 3, de carácter máis teórico, traballaranse no 1º e 2º trimestre; a 4ª, na que se traballa tanto conceptos teóricos coma competencias prácticas, no 2º e 3º trimestre; a 5ª simultaneárase con todas as anteriores ao longo do curso dada a importancia dos contidos dentro da materia e polo feito de precisar dunha constante evolución no alumnado. Por tanto en cada unha das sesións de clase dedicarase certo tempo a cada unha das unidades didácticas que correspondan.

6.1.1. Obxectivos

1. Desenvolver a capacidade auditiva en todos os seus aspectos, en especial nos relacionados coas modulacións, multifonías e acordes, tímbrica e afinación.
2. Coñecer o papel do director dentro da interpretación musical, a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes, así coma as principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical.
3. Coñecer a estrutura, características, historia e repertorio das principais agrupacións musicais, así coma dos instrumentos que forman parte delas.
4. Coñecer e dominar o análise de partituras dende un punto de vista interpretativo e da dirección musical nos seus diferentes niveis: formal básico, fraseo, agónica e instrumentación.
5. Dominar as técnicas de análise básica para a dirección e a resolución de posibles conflitos técnicos e de ensaio dunha partitura. Coñecer as técnicas e sistemas de ensaio e estudio básicos.
6. Desenvolver a independencia e control psicomotriz básico e necesario para a técnica de dirección. Dominar os principais aspectos técnicos e xestuais da dirección: a anacrusa, a actividade – pasividade, os caldeiróns, a dinámica, etc.
7. Valorar e promover a necesidade de certo pensamento crítico, autónomo e independente na valoración da interpretación musical en todos os seus niveis e ámbitos.

- Os obxectivos secuenciados por Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: Educación auditiva

Favorecer o desenvolvemento no alumnado da capacidade auditiva e discriminación de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais.

Mellorar a capacidade auditiva de varias voces simultáneas mediante a realización de ditados.

Axudar ao perfeccionamento da capacidade auditiva dos alumnos e alumnas con respecto á afinación e á tímbrica.

UD 2: A figura do Director

Afondar no papel do director na interpretación musical ao longo da historia e a súa evolución ata a actualidade.

Distinguir e valorar as principais tarefas do director, así coma a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes.

Por en valor ás principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical e a súa influencia no panorama actual.

Favorecer o desenvolvemento de certa capacidade crítica en canto a importancia e influencia do director na interpretación musical, e no ámbito musical en xeral.

Fomentar o interese pola figura do director e o seu aporte á interpretación final, así coma a súa importancia no traballo previo a mesma.

UD 3: Agrupacións e organoloxía básica

Amosar, a grandes trazos, a evolución histórica das agrupacións instrumentais e vocais máis importantes.

Afondar na estrutura e características das principais agrupacións musicais, así coma dos instrumentos que forman parte delas.

Sinalar e valorar os estilos e repertorio máis representativo e característico de cada unha destas agrupacións.

Recoñecer e por en valor as características actuais de cada unha destas agrupacións dende o punto de vista do director.

Analizar os papeis e usos máis habituais de cada un dos instrumentos e voces dentro de cada agrupación, atendendo sobre todo a rexistros, tímbrica, problemas técnicos, afinación, etc., e aos problemas e posibles solucións derivados de estes.

Fomentar o interese pola música de todo tipo de estilos e agrupacións, así coma a toma de conciencia da súa importancia dentro do panorama histórico e actual.

UD 4: Análise da partitura

Amosar as pautas de planificación básicas a seguir no traballo dunha partitura dende o punto de vista do director.

Dotar ao alumnado das ferramentas de análise de partituras básicas para calquera director, atendendo especialmente a aspectos coma o compositor, o estilo, o contexto, a súa estrutura formal básica, o fraseo que presenta e as características de agónica, sonoridade e instrumentación.

Facilitar a toma de conciencia dos posibles problemas técnicos, tanto para os músicos coma para o director presentes na partitura e a súa importancia como parte do estudio previo da mesma.

Indicar algunhas das técnicas e sistemas de ensaio máis usados.

Favorecer o recoñecemento da importancia do estudio e traballo previo por parte do director sobre a partitura a interpretar, así coma dunha correcta planificación tanto deste, coma de cada unha das sesións de ensaio.

UD 5: Técnica psicomotriz básica da dirección musical

Amosar as características que na actualidade se consideran coma teoricamente ideais na posición corporal dun director, e que favorecen a adopción dunha posición corporal cómoda e eficaz. Favorecer a súa valoración crítica e a súa adopción por parte dos alumnos e alumnas.

Favorecer o desenvolvemento da independencia das mans e do control psicomotriz básico e necesario para unha correcta técnica de dirección.

Dominar os principais aspectos técnicos e xestuais da dirección: a anacrusa, a actividade – pasividade, os caldeiróns, a dinámica, etc.

Concienciar da necesidade dunha visión positiva e mesmo construtiva das posibles críticas, ou mesmo autocríticas, que da nosa postura, xestualidade ou actitude como directores musicais, se nos poida indicar, tanto na aula coma en posibles ensaios, actuacións e/ou concertos públicos.

6.1.2. **Contidos**

CRIT AV 1. Desenvolvemento a capacidade auditiva: ditados a varias voces centrados no traballo e identificación de modulacións, multifonías e acordes, contrastes tímbricos e afinación.

CRIT AV 2. A figura do director na interpretación musical: relación coa obra, co compositor e cos intérpretes, principais figuras históricas e pedagóxicas da dirección musical.

CRIT AV 3. As agrupacións musicais: estrutura, compoñentes, características específicas, historia e repertorio. Organoloxía básica: principais características de instrumentos de corda, vento, percusión e voces; historia, repertorio de referencia, rexistro e fundamentos de instrumentación básicos de cada un deles.

CRIT AV 4. Análise e estudio da partitura: compositor, estilo, contexto; análise formal básico, fraseolóxico, agóxico e de sonoridade e instrumentación. Preparación da partitura (raiado).

CRIT AV 5. Técnicas de ensaio: planificación de estudio e ensaio, sistemas de ensaio. Implementación da concepción mental, o análise e o estudio previo. Resolución de conflitos técnicos puntuais e problemas de ensaio

CRIT AV 6. Técnica xestual: conceptos previos, a anacrusa, actividade – pasividade, amalgamas, caldeiróns, agóxica, dinámica, articulación, independencia xestual e man esquerda.

CRIT AV 7. Reforzo do pensamento crítico, autónomo e independente na valoración da interpretación musical: análise en grupo e autoanálise sobre os diferentes aspectos da dirección musical e toma de conciencia das dificultades e diferentes solucións individuais en cada un dos exercicios propostos.

Os contidos secuenciados por Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Traballo de ditados e exercicios prácticos similares específicos para a mellora da discriminación auditiva de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais.

- b) Traballo para a mellora da capacidade auditiva mediante ditados multifónicos de ata 3 voces.
- c) Traballo e resolución de problemas prácticos sobre afinación.
- d) Traballo e resolución de problemas prácticos sobre tímbrica.

UD 2: *A figura do Director*

- a) Orixe e evolución da figura do director ao longo da historia da música. Situación na actualidade.
- b) Papel do director con respecto a interpretación musical. Relación coa obra, co compositor e cos intérpretes.
- c) Principais figuras históricas, tanto pola súa influencia na interpretación, coma dentro da pedagogía da dirección.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Principais agrupacións musicais: a orquestra, o coro, a banda, outras ensembles e grupos instrumentais. Evolución histórica, estrutura, características específicas e situación actual.
- b) Repertorio básico por agrupacións. Repertorio solista de referencia.
- c) Organoloxía: familias de instrumentos (corda, vento, percusión e voces), características básicas de cada un deles, evolución e panorama actual.
- d) Fundamentos de instrumentación: rexistros, tímbrica, afinación, dificultade técnica, etc.

UD 4: *Análise da partitura*

- a) Principios e pautas de planificación básicas do traballo do repertorio.
- b) Análise e estudo de partituras: compositor, estilo, contexto.
- c) Análise e estudo de partituras: análise formal básico, fraseolóxico, agórico e de sonoridade e instrumentación.
- d) Análise e estudo de partituras: conflitos técnicos puntuais.
- e) Implementación da concepción mental, o análise e o estudo previo no ensaio e identificación de posibles problemas.
- f) Técnicas de ensaio: planificación do estudo e o ensaio, sistemas de ensaio.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: conceptos previos, posición corporal.
- b) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: a anacrusa, actividade – pasividade, as relacións.

- c) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: amalgamas, caldeiróns, agóxica, dinámica, articulación.
- d) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: independencia xestual e man esquerda.

6.1.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- CRIT AV 1. Dominio na identificación de modulacións, multifonías e acordes, contrastes tímbricos e afinación en ditados a 2 e 3 voces.
- CRIT AV 2. Coñecemento da evolución e importancia da dirección musical dentro da historia da música, así coma das principais figuras históricas e pedagóxicas.
- CRIT AV 3. Coñecemento das características, estrutura, historia e repertorio básico das principais agrupacións musicais históricas e actuais: orquestras, bandas, coros, big band. Coñecemento da historia, repertorio de referencia, rexistro e fundamentos de instrumentación básicos dos instrumentos de corda, vento, percusión e voces.
- CRIT AV 4. Dominio da análise básica da partitura orientado á dirección musical: compositor, estilo, contexto; análise formal básico, fraseolóxico, agóxico e de sonoridade e instrumentación.
- CRIT AV 5. Coñecemento das principais técnicas de planificación no estudo e sistemas de ensaio. Dominio das principais técnicas na resolución de conflitos técnicos puntuais e problemas psicomotrices e de ensaio.
- CRIT AV 6. Coñecemento e dominio práctico dos principais xestos e aspectos psicomotrices básicos necesarios para a práctica da dirección musical: posición e actitude corporal, anacrusas, actividade – pasividade, amalgamas, caldeiróns, agóxica, dinámica, articulación, independencia xestual e man esquerda.

CRIT AV 7. Participación de forma activa e con actitude positiva na análise dos diferentes aspectos da dirección musical, e das dificultades e diferentes solucións individuais en cada un dos exercicios propostos amosando respecto aos demais, capacidade de autoavaliación e pensamento autónomo e independente.

Os criterios de avaliación de cada una das Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Realizar correctamente ditados e exercicios de discriminación auditiva de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais; ditados a varias voces; e de afinación e tímbrica.
- b) Amosar interese en cada unha das actividades propostas, e pola importancia que unha correcta educación auditiva ten na formación dun director en particular, e de calquera músico en xeral.

UD 2: *A figura do Director*

- a) Coñecer o papel do director na interpretación musical ao longo da historia e a súa evolución ata a actualidade.
- b) Distinguir e valorar correctamente as principais tarefas do director, así coma a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes.
- c) Coñecer ás principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical e a súa influencia no panorama actual.
- d) Mostrar interese e certo grao de mellora na capacidade crítica en canto a importancia e influencia do director na interpretación musical, e no ámbito musical en xeral.
- e) Mostrar interese pola figura do director e o seu aporte e influencia na interpretación final, así coma a súa importancia no traballo previo a mesma.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Coñecer as principais agrupacións musicais ao longo da historia da música, así coma a súa situación actual e características principais.
- b) Coñecer os instrumentos de uso mais habitual na música occidental e as súas características mais importantes.
- c) Distinguir e valorar correctamente o repertorio mais característico das principais agrupacións instrumentais e vocais, así coma o repertorio solista mais salientable.

- d) Apreciar e valorar correctamente as dificultades interpretativas que se poden dar nun determinado repertorio, derivados da súa instrumentación ou do uso que se fai dun determinado instrumento ou voz, así coma as posibles solucións que pode aportar o director.

UD 4: *Análise da partitura*

- a) Coñecer os pasos a seguir no traballo dun novo repertorio por parte do director. Valorar positivamente a importancia de cada un deles.
- b) Dominar o análise básico de partituras, atendendo especialmente aos seguintes aspectos: compositor, estilo, contexto, estrutura formal, fraseo, agónica, sonoridade e instrumentación.
- c) Identificar os posibles problemas técnicos, tanto para os músicos coma para o director na partitura, previamente a calquera interpretación.
- d) Coñecer e valorar con certa capacidade crítica algunhas das mais usadas técnicas e sistemas de ensaio, así coma das súas características.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Adoptar unha posición correcta na dirección, e coñecer as características que debe ter esta.
- b) Demostrar corrección técnica e dominio sobre os diferentes xestos traballados na aula, e certo grao de independencia entre as dúas mans.
- c) Amosar unha actitude positiva fronte a calquera crítica ou corrección sobre a posición corporal, técnica xestual ou actitude na dirección, así coma interese e esforzo pola mellora do aspecto ou aspectos sinalados.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que

permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas prácticas ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A cualificación final da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- **25%** da cualificación: respecto ás normas básicas de actitude e interese a cada unha das sesións de clase e actividades e/ou concertos¹: puntualidade; actitude correcta ante a materia.
- **25%** da cualificación: grao de cumprimento das tarefas asignadas para o traballo autónomo ao longo do curso: número de tarefas realizadas; grao de corrección das mesmas; e hábitos axeitados de estudo na casa.
- **25%** da cualificación: coñecemento dos conceptos teóricos traballados nas diferentes unidades didácticas.
- **25%** da cualificación: dominio dos contidos de carácter práctico e procedimental traballados nas diferentes unidades didácticas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste curso e materia non procede.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que

¹ *Non será obrigatoria a asistencia do alumnado a concertos e/ou actividades que se leven a cabo fora do centro ou fora do seu horario lectivo, aínda que valorarase positivamente a mesma. Do mesmo xeito o profesor/a reservase o dereito a decidir a participación nestas actividades daquel alumnado con faltas de asistencia reiteradas ao longo do curso.*



poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba terá dúas partes que consistirán en:

- A. Proba escrita sobre os contidos relacionados co traballado durante o curso (Unidades Didácticas 1, 2, 3 e 4).

O resultado desta parte terá un peso do **25%** sobre a nota final da proba.

- B. Proba práctica de psicomotricidade asociada á dirección para avaliar o dominio das técnicas xestuais traballadas ao longo do curso (Unidade Didáctica 5).

Esta parte terá un peso do **75%** sobre a nota final da proba.

En ningunha das dúas partes do exame se esixirá coñecemento de contidos non traballados nas distintas sesións de clase.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos mínimos esixibles das diferentes unidades didácticas da materia. A proba constará de 2 partes:

- A. Proba escrita sobre os contidos relacionados co traballado durante o curso (Unidades Didácticas 1, 2, 3 e 4).

O resultado desta parte terá un peso do **25%** sobre a nota final da proba.

- B. Proba práctica de psicomotricidade asociada á dirección para avaliar o dominio das técnicas xestuais traballadas ao longo do curso (Unidade Didáctica 5).

Esta parte terá un peso do **75%** sobre a nota final da proba.

En ningunha das dúas partes do exame se esixirá coñecemento de contidos non traballados nas distintas sesións de clase do curso.

6.1.5. Recursos didácticos

■ Recursos de aula

O material de aula necesario para a impartir cada unha das sesións de clase será:

- Lousa pautada, cadeiras e pupitres para profesor e alumnado
- Ordenador con conexión a internet e proxector conectado a altosfalantes
- Piano
- Espello de corpo enteiro
- Metrónomo, atiles e demais materiais e recursos de normal uso nas ensinanzas musicais

■ Materiais do alumnado

Ademais do material habitual, o alumnado deberá dispoñer do seguinte material en cada unha das sesións de clase:

- Papel pautado
- Lapis de color vermello, azul e verde
- Batuta (só no caso de que o profesor así o solicite e das características que el indique)

O profesor da materia pode, unha vez comezado o curso, e se o considera necesario, indicar a necesidade de adquisición por parte do alumnado de algunha partitura ou libro en concreto, aínda que intentarase evitar, cando sexa posible, recorrendo ao material dispoñible na biblioteca do centro.

■ Material didáctico

- Vídeos e outros recursos audiovisuais, na maioría dos casos de difusión gratuíta pola internet
- Documentos sobre cada un dos aspectos tratados nas UD's e creados polo profesor
- Material de apoio e consulta dispoñible na biblioteca do centro

■ Material de consulta e bibliografía relacionada

Todas as referencias indicadas neste punto están dispoñibles para a súa consulta na biblioteca do centro:

- PREVITALI, F.: Guía para el estudio de la dirección orquestral.
- WALTER, B.: Gustav Malher

- ERMENEGILDO, P.: Il Maestro di banda
- SWAROVSKY, H.: Dirección de orquesta
- METHA, Z.: La partitura de mi vida (Memorias)
- SARDÓ I PARALS, A.: El gesto en la dirección de orquesta

7 **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de VENTO MADEIRA deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

Sen perxuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9 ANEXOS

9.1. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.2. Rúbrica

Criterio de Avaliación	Nivel Sobresaliente (9-10)	Nivel Alto (7-8)	Nivel Medio (5-6)	Nivel Baixo (3-4)	Nivel Insuficiente (1-2)	Porcentaxe (%)
CRIT AV 1. Dominio na identificación de modulacións, multifonías e acordes, contrastes tímbricos e afinación en ditados a 2 e 3 voces	Identifica con precisión todas as modulacións, multifonías e contrastes tímbricos, mantendo unha afinación perfecta.	Identifica case todas as modulacións e multifonías, con algunhas imprecisións menores na afinación.	Identifica modulacións básicas, pero ten dificultades con multifonías e contrastes tímbricos complexos.	Dificultades significativas para identificar modulacións e multifonías. Problemas constantes de afinación.	Non é capaz de identificar modulacións, multifonías nin contrastes tímbricos. A afinación é errónea constantemente.	10%
CRIT AV 2. Coñecemento da evolución e importancia da dirección musical na historia da música, así coma das principais figuras históricas e pedagóxicas	Demostra un coñecemento profundo da evolución da dirección musical e das súas figuras máis importantes, relacionando correctamente a súa contribución.	Ten un bo coñecemento xeral da historia da dirección musical, pero faltan detalles en relación a algunhas figuras históricas.	Coñece aspectos básicos da evolución da dirección musical, pero non pode profundizar en moitas das figuras pedagóxicas ou históricas.	O seu coñecemento sobre a evolución da dirección musical e as súas figuras é limitado e presenta confusións.	Non demostra ningún coñecemento relevante sobre a historia ou as figuras da dirección musical.	10%
CRIT AV 3. Coñecemento das características, estrutura, historia e repertorio básico das principais agrupacións musicais históricas e actuais (orquestras, bandas, coros, big band)	Coñece en profundidade as agrupacións musicais, a súa historia, repertorio e instrumentación, relacionando estes conceptos con precisión.	Coñece ben as agrupacións e o seu repertorio, pero con leves lagoas en aspectos específicos de instrumentación ou historia.	Coñecemento básico sobre as agrupacións musicais e os instrumentos, pero non é capaz de realizar unha análise completa.	Ten dificultades significativas para identificar agrupacións e o seu repertorio, con erros na súa historia e instrumentación.	Non amosa coñecemento suficiente sobre ningunha das agrupacións musicais nin o seu repertorio ou historia.	10%
CRIT AV 4. Dominio da análise básica da partitura orientado á dirección musical (compositor, estilo, contexto, análise formal, fraseolóxico, agóxico e de sonoridade)	Analiza de forma completa e precisa todos os aspectos formais, fraseolóxicos e sonoros da partitura, integrando o contexto histórico e estilístico.	Realiza unha análise correcta da partitura, con algúns detalles ou erros menores en aspectos específicos.	Análise parcial da partitura, limitándose a aspectos máis xerais ou evidentes da obra.	Presenta grandes dificultades na análise da partitura e non comprende aspectos formais nin estilísticos.	Non amosa capacidade de análise da partitura nin comprensión de elementos clave.	20%
CRIT AV 5. Coñecemento das principais técnicas de planificación no estudo e sistemas de ensaio. Resolución de conflitos técnicos e psicomotrices no ensaio	Domina as técnicas de planificación e xestión do ensaio, resolvendo conflitos técnicos e psicomotrices con eficacia e rapidez.	Planifica e xestiona os ensaios de forma correcta, pero necesita mellorar en aspectos técnicos ou psicomotrices puntuais.	Planifica os ensaios de maneira básica, con dificultades para resolver problemas técnicos e psicomotrices no momento.	Planificación deficiente do ensaio, con moitos problemas para xestionar conflitos ou manter o grupo traballando con eficacia.	Non demostra capacidade de planificación nin resolución de problemas durante o ensaio.	20%
CRIT AV 6. Coñecemento e dominio práctico dos principais xestos e aspectos	Domina os xestos e técnicas básicas da dirección musical con fluidez e claridade, incluíndo dinámicas, agóxica e	Bo dominio dos xestos básicos, aínda que con algún erro na claridade ou na independencia da man esquerda.	Domina os xestos básicos, pero presenta dificultades coas técnicas máis avanzadas ou a independencia	Dificultades significativas para aplicar os xestos básicos da dirección musical, con falta de claridade e técnica.	Non demostra coñecemento nin dominio dos xestos básicos necesarios para a dirección musical.	20%



Criterio de Avaliación	Nivel Sobresaliente (9-10)	Nivel Alto (7-8)	Nivel Medio (5-6)	Nivel Baixo (3-4)	Nivel Insuficiente (1-2)	Porcentaxe (%)
psicomotrices básicos da dirección musical	independencia xestual.		xestual.			
CRIT AV 7. Participación activa e actitude positiva na análise dos aspectos da dirección musical e autoavaliación	Participa activamente, con respecto e amosando unha gran capacidade de autoavaliación e de pensar de forma autónoma.	Participa activamente na análise e amosa capacidade de autoavaliación, aínda que en menor profundidade.	Participa de maneira pasiva e amosa pouca capacidade para autoavaliarse ou reflexionar de forma independente.	Participa de forma moi limitada e non amosa ningunha capacidade de autoavaliación ou pensamento crítico.	Non participa e non amosa ningunha disposición a reflexionar ou autoavaliarse.	10%